



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 04/05/2014 10:04:16

SAÍDA 53209 / RX 470940



CRISTINA OTERO BUEZAS
ASOCIACIÓN BULIMIA Y ANOREXIA DE LA CORUÑA (A.B.A.C. CORUÑA)
RÚA ALCALDE LENS, Nº 12, 7º C
Rúa Begonias nº 33 baixo
15008 A Coruña

Asunto: Resolución de inscripción da **ASOCIACIÓN BULIMIA Y ANOREXIA DE LA CORUÑA (A.B.A.C. CORUÑA)**.

Examinado o expediente de solicitude de inscripción neste Rexistro Central da Comunidade Autónoma de Galicia, da **ASOCIACIÓN BULIMIA Y ANOREXIA DE LA CORUÑA (A.B.A.C. CORUÑA)**, con domicilio en RÚA BEGONIAS Nº 33 BAIXO, 15008 A Coruña, resultan os seguintes:

FEITOS

Primeiro. A Asociación inicialmente inscrita na sección 1ª do rexistro provincial da Coruña co número 4418 de 13 do decembro de 1996, acordou en asemblea xeral de 14 do marzo de 2014 a modificación dos seus estatutos que inclúe un cambio no seu ámbito territorial que pasa a ser autonómico.

Segundo. Xunto coa solicitude de inscripción, presentan documentación acreditativa da identidade dos promotores, acta de constitución e estatutos da asociación.

Terceiro. Nos estatutos figuran como fins da asociación, entre outros: Concienciar á sociedade, ás autoridades sanitarias, aos mozos e aos medios de comunicación social dos graves danos e perigos que sofre a xuventude como consecuencia das enfermidades como os Trastornos da Conduta Alimentaria (TCA): Anorexia, Bulimia e outros.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. Resultan de aplicación a Constitución Española que recoñece no artigo 22 o dereito de asociación; a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, Decreto 1497/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro Nacional de asociacións e as súas relacións con outros Rexistros, e Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Segundo. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver a inscripción solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro sobre asunción de funcións e servizos, pola Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de asociacións, Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro central de Asociacións e se regula a organización e funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 72/2013, de 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Terceiro. Analizada a documentación que consta no expediente, non se aprecia que concorran supostos de ilegalidade previstos no art. 22 da Constitución, e considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de asociacións desta Comunidade Autónoma,

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Visar os estatutos da asociación e ordenar a súa inscripción, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución, correspondéndolle o **núm. 2014/018498 Sección 1 neste Rexistro Central de Asociacións**.

Esta inscripción provisional converterase en definitiva se no prazo de 3 meses a contar dende a recepción desta resolución non se lle notificase ao interesado a súa incompatibilidade por existir inscrita outra coa mesma denominación no Rexistro Nacional de Asociacións.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo de un mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Vº e praxe

A subd. xeral de Réxime Xurídico, Administrativo e de Recursos Humanos

Mª Amadora Rodríguez Carreira

Victoria Núñez López

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2014

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

